

EPIFANIO CAMPO

Identificación e dirección do establecemento


Epifanio Campo S.L.
A Fieiteira S/N, Albixoi
CP 15685, Mesía (A Coruña)



As instalacións de Epifanio Campo S.L., situadas no concello de Mesía (A Coruña), están afectadas polas disposicións do Real Decreto 840/2015, de 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas. A empresa facilitou á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior a notificación contemplada no artigo 7 co contido establecido no apartado 1 de devandito artigo, así como a política de prevención de accidentes graves indicada no artigo 8, apartado 1 e o plan de emerxencia interior, segundo o reflectido no artigo 12, apartado 1, do R.D. 840/2015.

Actividade do establecemento

Fabricación de ladrillos, tellas e produtos de terras cocidas para a construción.

SUBSTANCIAS SUSCEPTIBLES DE XERAR ACCIDENTES GRAVES


Nome	Frases H	Pictogramas
GLP	H220 - Gas extremadamente inflamable. H280 - Contén gas a presión; perigo de explosión en caso de quecemento.	

Nome	Frases H	Pictogramas
<p>Gasóleo B</p>	<p>H226 - Líquidos e vapores inflamables.</p> <p>H304 - Pode ser mortal en caso de ingestión e penetración nas vías respiratorias.</p> <p>H315 - Provoca irritación cutánea.</p> <p>H332 - Nocivo en caso de inhalación.</p> <p>H351 - Sospéitase que provoca cancro.</p> <p>H373 - Pode provocar danos nos órganos tras exposicións prolongadas ou repetidas.</p> <p>H411 - Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros.</p>	
<p>Fuel Oil</p>	<p>H332 - Toxicidade aguda inhalación.</p> <p>H350 - Pode provocar cancro (por inhalación).</p> <p>H361d - Toxicidade para a reprodución.</p> <p>H373 - Pode provocar danos nos órganos tras exposicións prolongadas ou repetidas.</p> <p>H410 - Toxicidade acuática crónica.</p>	

Alerta e información á poboación

Ante unha situación no establecemento que puidera dar lugar a accidentes graves, alertarase e informarase á poboación afectada.

Os medios previstos son:

- Mediante megafonía con vehículos das Forzas e Corpos de Seguridade e persoal de Protección Civil.
- Avisos a través dos medios de comunicación social: radio e televisión autonómicas, locais, @112Galicia , e calquera outro que se considere necesario.

MEDIDAS A ADOPTAR POLA POBOACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

Instrucións de confinamento e autoprotección

- Se estás na rúa para maior precaución, e se tes molestias, podes respirar a través de panos mollados e procura un lugar pechado para protexerte (local, edificio...).
- Pecha portas e ventás e, se é posible baixa as persianas e afástate delas.
- Evita fumar, non acendas lume, candeas nin luces de gas.
- Non utilices o teléfono, salvo que sexa estritamente necesario.
- En caso de necesidade, coloca trapos húmidos nas fendas.
- Non utilizar aparatos de ventilación.
- Non baixes aos sotos.
- Sigue con atención as instrucións das autoridades.

Instrucións de afastamento e refuxio

No caso de que sexa necesario o afastamento e refuxio, informarase á poboación e establecementos veciños, mediante avisos directos a través dos medios de comunicación, do destino e traxecto a seguir de acordo coas seguintes instrucións:

- Durante o traxecto, protéxete as vías respiratorias con panos ou trapos e busca refuxio.
- Unha vez no destino, refúxiate no interior dun local ou edificio e fecha as ventás e portas.
- Non vaias buscar os nenos ao colexio, os seus mestres coidarán deles segundo o seu plan preestablecido.
- Non utilices o teléfono, salvo que sexa estritamente necesario.
- Escoita as emisoras de radio locais e sigue as recomendacións e instrucións que irán difundindo as autoridades.

DURANTE A EMERXENCIA



NON VAIAS BUSCAR OS NENOS AO COLEXIO

Os seus mestres coidarán deles segundo un plan preestablecido. Os centros de ensino son lugares de atención prioritaria e terán a axuda precisa en función do desenvolvemento da emerxencia.



NON UTILICES O TELÉFONO

Hai que deixar as liñas libres para os equipos de intervención.



PARA MAIOR PRECAUCIÓN, E SE TES MOLESTIAS, PODES RESPIRAR A TRAVÉS DE PANOS MOLLADOS

O aire pode estar contaminado.



EVITA FUMAR, NON ACENDAS LUME, CANDEAS NIN LUCES DE GAS

Por unha eventual presenza de produtos inflamables no aire.



AFÁSTATE DAS VENTÁS E CRISTALEIRAS

Aínda que sempre será de baixa intensidade, se hai perigo de estoupido péchate na parte oposta do lugar onde se espera o estoupido.



SIGUE CON ATENCIÓN AS INSTRUCIÓN DAS AUTORIDADES

Manténte informado de todas as medidas adicionais que se deberán adoptar.

NON SAIAS AO EXTERIOR ATA QUE CHO COMUNIQUEN AS AUTORIDADES

Última inspección

Segundo plan de inspección.

Pódese obter, previa solicitude, os datos acerca da última visita *in situ* e do plan de inspección, en:

Consellería de Economía e Industria
Departamento Territorial de A Coruña
Rúa Vicente Ferrer, 2
15008 A Coruña

Información adicional

Se desexa consultar máis información pode dirixirse a:

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
Departamento Territorial de A Coruña
Rúa Vicente Ferrer, 2
15008 A Coruña